

En Lugo, a 10 de febreiro de 2011



ADEGA
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
Avenida de Fontiñas, 180 Ent. B Lugo
Tfno: 982240299

Dna. **Montserrat Lombardía Fernández**, con DNI nº XXXXXXXXXX, e con domicilio, a efectos de notificación, en Avenida de Fontiñas, nº 180 Entrechán B, C.P. 27002 Lugo, e actuando **en representación da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)**, desde o cargo de Presidenta da Delegación de ADEGA en Lugo, en relación ao chamado PLAN SECTORIAL PARA A MELLORA E AMPLIACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS BÁSICAS DE SANEAMENTO, ABASTECIMENTO E REDE VIARIA NO CONCELLO DE BARREIROS,

EXPOÑO

Un.- Que, a través de anuncio de 3 de Decembro da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 236, de 10 de Decembro do 2010, foi sometido a información pública o arriba citado Plan sectorial, xunto co seu informe de sustentabilidade ambiental, aos efectos do previsto no artigo 25 da Lei 10/1995, de ordenación do territorio e no artigo 13 do Decreto 80/2000, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, así como tamén a efectos do previsto no, entón aínda vixente, artigo 7 da Lei 6/2007, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

Dous.- Que, a través do presente escrito, contra do citado Plan Sectorial veño a presentar, en representación da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia, as seguintes

ALEGACIÓNS

Primeira.- Sobre a finalidade do Plan Sectorial.

Este PLAN SECTORIAL PARA A MELLORA E AMPLIACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS BÁSICAS DE SANEAMENTO, ABASTECIMENTO E REDE VIARIA NO CONCELLO DE BARREIROS empeza sinalando os déficits en materia de saneamento, abastecemento e rede viaria, de uso peonil e rodado, que presenta o concello de Barreiros sinalando que unhas e outras nin sequera teñen capacidade para

atender adecuadamente á poboación estival de hoxe (estimada en 7.925 habitantes se se inclúe a urbanización de San Bartolo, ou en 5.008 se esta se exclúe) e moito menos, pois, para atender ao incremento poboacional asociado á sorprendente expansión urbanística en marcha no concello de Barreiros dende xaneiro do 2006, cun total de 3.513 licenzas concedidas neste tempo, o que implicaría, cunha ratio de ocupación de 3 persoas por vivenda, pasar dun censo actual de 2.286 habitantes (incluíndo San Bartolo) a non menos de 16.722 habitantes totais.

Despois destas cifras sobre o tan espectacular crecemento no número de licenzas urbanísticas outorgadas neste concello de Barreiros dende Xaneiro do 2006, **resulta difícil argumentar que tal crecemento poida ter máis de planificación racional que de especulación incontrolada promocionada dende a falla de rigor na aplicación da Lei 9/2002**, de ordenación urbanística e de protección do medio rural: o propio Plan así o vén a confirmar cando, para o cálculo das futuras demandas, só contabiliza 2.571 licenzas das 3.513 concedidas ao considerar que é pouco probable que as demais, -preto de 1.000 vivendas-, cheguen a executarse.

A tal efecto compre recordar que, unha vez superado o período de 3 anos previsto na Disposición Transitoria Segunda da Lei 9/2002 para adaptación do planeamento ás disposicións da mesma, -e con absoluta independencia do previsto no planeamento municipal-, a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia, ha de ser de directa aplicación en calquera desenvolvemento urbanístico. E, no caso do concello de Barreiros, os déficits de infraestruturas que este Plan Sectorial pretende resolver, -sen menoscabo da actualización de infraestruturas que fose necesario acometer para atender as demandas consolidadas con anterioridade a Xaneiro do 2006-, teñen a súa orixe na falla de aplicación do disposto na citada Lei 9/2002 en relación ao solo urbano consolidado e non consolidado -como ben sinala o Decreto 15/2007, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de Barreiros-.

No artigo 11 da Lei 9/2002, na súa redacción anterior á publicación da Lei 2/2010, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002-, dispón que terán a categoría de solo urbano “os terreos integrados na malla urbana existente sempre que reúnan algún dos seguintes requisitos:

- a) *Que contén con acceso rodado público e cos servizos de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica, proporcionados mediante as correspondentes redes públicas con características adecuadas para servir á edificación existente e á permitida no planeamento.*

Sen que, “os servizos para a conexión dun sector de solo urbanizable, as vías perimetrais dos núcleos urbanos, as vías de comunicación entre núcleos, as estradas e vías de concentración parcelaria” poidan servir de soporte para a clasificación como urbanos dos terreos adxacentes, “agás que estean integrados na malla urbana.” (lei 9/2002. Artigo 11)

b) *Que aínda carecendo dalgúns dos servizos citados no apartado anterior, estean en áreas ocupadas pola edificación, como mínimo, nas dúas terceiras partes dos espazos aptos para ela, segundo a ordenación que o Plan xeral estableza”*

Dentro deste solo urbano, a Lei (artigo 12) distingue dúas categorías:

a) solo urbano consolidado: *“integrado polos soares así como polas parcelas que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a condición de soar mediante obras accesorias e de escasa entidade que poden executarse simultaneamente coas de edificación ou construción.”*

b) solo urbano non-consolidado: *“integrado pola restante superficie de solo urbano e, en todo caso, polos terreos nos que sexan necesarios procesos de urbanización, reforma interior, renovación urbana ou obtención de dotacións urbanísticas con distribución equitativa de beneficios e cargas, por aqueles sobre os que o planeamento urbanístico prevexa unha ordenación substancialmente diferente da realmente existente, así como polas áreas de recente urbanización á marxe do planeamento”.*

Así pois, se agora se constatan unhas carencias como as que se recollen neste Plan Sectorial é evidente que, cando menos, no momento de outorgárense as correspondentes licenzas, **non poderíamos estar ante un solo que merecera a cualificación de solo urbano consolidado, senón, como moito, de solo urbano non-consolidado** no que, ante a falta de ordenación detallada, a execución do planeamento urbanístico requiriría, en aplicación do artigo 109 da Lei 9/2002, da **aprobación previa dun plan especial** no que consten as determinacións que se recollen no artigo 55 da Lei sobre dotacións xerais e sobre cesión e reservas de solo para dotacións urbanísticas e vivendas de protección.

Esta falta de adaptación do planeamento urbanístico de Barreiros ás disposicións da Lei 9/2002 e o consecuente incumprimento da Lei na concesión de licenzas de tan espectacular crecemento urbano foi o que motivou que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a través do Decreto 15/2007, se vise obrigada a suspender a vixencia das normas subsidiarias de Barreiros, aprobando, no seu lugar, unha ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor dun novo planeamento plenamente adaptado as disposicións da Lei 9/2002 o

preámbulo de dito Decreto. Nada mellor que o preámbulo do citado Decreto para explicar esta falta de adaptación á Lei 9/2002 e para explicar o incumprimento da mesma así como as consecuencias que para o erario público e para o benestar cidadá se derivan de tal incumprimento:

*“Moitos destes ámbitos non reúnen os requisitos establecidos nos artigos 11 da Lei 9/2002 e 8 da Lei 6/1998, para a súa clasificación como solo urbano, aproximadamente unha terceira parte do total, segundo o informe técnico que consta no expediente. Respecto disto, resultan especialmente relevantes os informes emitidos polos técnicos municipais nos expedientes de concesión de licenza municipal. **Nelesponse de manifesto a existencia de ámbitos clasificados como solo urbano que carecen de acceso por vía pública pavimentada ou de redes de saneamento e depuración de augas residuais, así como outros en que a rede existente de abastecemento de auga potable non ten o caudal e a potencia necesaria para a subministración ás edificacións resultantes do planeamento vixente.***

*“Tamén a entidade Barras Eléctricas Galaico Asturianas, S.A (BEGASA) enviou o pasado mes de setembro un escrito no cal pon en coñecemento desta consellería que, logo de recibir varias solicitudes para a subministración eléctrica de distintas urbanizacións no concello de Barreiros, se constata que a infraestrutura eléctrica actualmente existente nese termo municipal non é suficiente para atender os novos crecementos, polo que sería necesario acometer a execución de novas infraestruturas, **entendendo que entrementes estes ámbitos carecen de subministración eléctrica para os efectos da Lei do solo de Galicia.***

*“A todo o anterior hai que engadir que o planeamento vixente **non distingue entre o solo urbano consolidado e o non consolidado e unha parte significativa dos terreos clasificados como solo urbano non reúnen as condicións establecidas no artigo 12 a) da Lei 9/2002.** [...]*

*“**Como consecuencia** da falta de consideración como solo urbano non consolidado dos ámbitos a que se refire o parágrafo anterior, **estase privando os cidadáns do seu dereito a un medio urbano de calidade que cumpra os límites de sustentabilidade e ás reservas mínimas de solo para dotacións públicas e para vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública, de conformidade co establecido na Lei 9/2002. Especialmente grave resulta este feito se se ten en consideración que o planeamento vixente prevé índices de edificabilidade en solo urbano (1,50 m²/m²) que exceden con moito os límites de sustentabilidade actualmente recollidos no artigo 46.2º d) da Lei 9/2002 (0,50 m²/m²).***

*“Así mesmo, como consecuencia da falta de consideración como solo urbano non consolidado dos ámbitos que reúnen os requisitos do artigo 12 b) da Lei 9/2002, **estanse a incumprir principios básicos do Estatuto da propiedade, como son o da equidistribución e o da recuperación pola Administración das plusvalías xeradas pola acción urbanística, co conseguinte incumprimento dos deberes básicos***

dos propietarios de solo urbano establecidos tanto na Lei 6/1998 coma na Lei 9/2002; feito este que se ve agravado polo incumprimento polo de agora do Concello de Barreiros do contido da disposición transitoria primeira, número 1, letra c) da Lei 9/2002, que obriga a que cando os terreos non estean incluídos en polígonos e merezan a condición de solo urbano, o concello proceda á delimitación do polígono segundo o procedemento establecido polo artigo 117.

“Ademais, clasifícanse como solo urbanizable non delimitado varios ámbitos ao longo da costa, moitos deles dentro dos 200 metros contados desde o límite interior da ribeira do mar e que lindan cos espazos naturais referenciados no punto primeiro. A meirande parte destes ámbitos atópanse aínda sen desenvolver.

“A delimitación dos núcleos rurais non se adecúa aos criterios establecidos polo artigo 13 da Lei 9/2002; resulta especialmente inxustificada a clasificación como solo de núcleo rural de ámbitos baleiros de edificación lindeiros co espazo natural Ría de Foz-Masma.

“Do conxunto do solo clasificado polo actual planeamento urbanístico de Barreiros como urbano, urbanizable e de núcleos rurais, resulta unha capacidade residencial de aproximadamente 20.000 vivendas, das que máis de 16.000 poderían situarse na rasa litoral, coa conseguinte consolidación da urbanización da zona costeira e a formación de pantallas edificatorias cara ao mar, especialmente nos ámbitos da Ordenanza de espazo residencial aberto. Neste senso, cómpre sinalar que segundo a información facilitada pola Delegación de Lugo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, desdeo 1 de xaneiro de 2006, foron visados proxectos de edificación cuxa execución suporía a construción de máis de 6.500 novas vivendas, co cal se duplicaría o parque de vivendas actualmente existente nese termo municipal.”

Así pois, na orixe de todas as deficiencias que o Plan Sectorial quere resolver está un **grave incumprimento da lexislación vixente** ao permitir a edificación en solos que non podían ter a consideración de solo urbano sen antes asegurar as correspondentes dotacións e cun moi **grave quebranto para o patrimonio e para o erario público** ao non percibir ningunha das cesións de solo para viais, espazos libres, zonas verdes e dotacións públicas a que obrigan os artigos 19 e 20 da Lei 9/2002 en solo urbano consolidado e non consolidado.

Salvar tan grave incumprimento da Lexislación, propoñendo a realización **con fondos públicos** dunhas dotacións de saneamento, abastecemento de auga e infraestruturas viarias que tiñan que ter sido realizadas ou aseguradas previamente a cargo dos promotores inmobiliarios, é algo que ten que resultar manifestamente inaceptable e que, por suposto, **non figura entre os obxectivos e previsións dos Plans sectoriais previstos na Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia**. E utilizar a prevaleza sobre o planeamento urbanístico municipal das actuacións

previstas nun Plan Sectorial coa exclusiva finalidade de salvar a ilegalidade na que teñen incorrido promotores e Concello, preservando así mesmo o negocio especulativo deste inxustifico desenvolvemento urbanístico, constitúe un manifesto **FRAUDE DE LEI** penalizado polo noso Código Penal.

Segunda.- Sobre a utilidade pública e a incidencia supramunicipal do Plan Sectorial.

Este Plan Sectorial, como xa se dixo, pretende atender as futuras demandas de saneamento, abastecemento de auga e infraestruturas viarias dunha poboación máxima estimada en 16.772 habitantes. Non cabe dubida do interese social desta demanda e, por isto, a Lei establece, sen ambigüidades, que estas demandas teñen que estar previstas e aseguradas **no momento de iniciar o desenvolvemento urbanístico, correspondendo ao promotor a execución, ao seu cargo, de todas as infraestruturas** necesarias ao respecto, debendo ser cedidas ao Concello libres de toda carga. Esta é, claramente, **unha función do planeamento urbanístico municipal**, que non cabe entre os obxectivos dos Plans e/ou Proxectos Sectoriais previstos na de ordenación do territorio e, **desde logo, non é apropiado xustificar incidencia supramunicipal algunha cando se trata de actuacións de plena competencia municipal que, ademais, non sobrepasan o ámbito do concello de Barreiros**, por mais que esta incidencia poida ter sido recoñecida polo Consello da Xunta ou no Convenio de colaboración suscrito entre Concello, Deputación Provincial e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

A este respecto a Lei 9/2002 fixa con claridade que os propietarios de solo urbano consolidado (no seu artigo 19) terán que:

*“a) Completar **pola súa conta** a urbanización necesaria para que aqueles alcancen, se aínda non a tivesen, a condición de soar.*

“Para tal efecto, deberán custear os gastos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e regularizar as vías públicas, executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaria en funcionamento e cederlle gratuitamente ó municipio os terreos destinados a viais fóra das aliñacións establecidas no planeamento, sen prexuízo do disposto no artigo 122 desta lei.”

E, que en solo urbano non-consolidado (artigo 20) terán que:

*“a) Cederlle **obligatoria e gratuitamente á Administración municipal todo o solo necesario** para os viais, espazos libres, zonas verdes e dotacións públicas de carácter local ao servizo predominantemente do polígono no que os seus terreos resulten incluídos.*

“ b) Ceder obrigatoria, gratuitamente e sen cargas o solo necesario para a execución dos sistemas xerais que o plan xeral inclúa ou adscriba ó polígono no que estean comprendidos os terreos, así como executa-la urbanización unicamente dos incluídos no polígono nas condicións que determine o plan.

“c) Ceder obrigatoria, gratuitamente e sen cargas o solo correspondente ó aproveitamento urbanístico do concello, por exceder do susceptible de apropiación privada, nos termos establecidos polo apartado b) do artigo 18 desta lei.

“ A administración actuante non terá que contribuír ós custos de urbanización dos terreos nos que se localice este aproveitamento, que deberán ser asumidos polos propietarios.

“d) Proceder á distribución equitativa dos beneficios e cargas do planeamento con anterioridade ó inicio da execución material deste.

“e) Custear e, se é o caso, executar ou completa-las obras de urbanización do polígono, así como as conexións cos sistemas xerais existentes, nos prazos establecidos polo planeamento.

E, acaba este artigo 20 da Lei 9/2002 (na redacción anterior á lei 2/2010) relativo aos deberes dos propietarios de solo urbano non-consolidado:

“2. Non poderá ser edificado terreo ningún que non reúna a condición de soar, agás que se asegure a execución simultánea da urbanización e da edificación mediante aval que deberá alcanzar o custo estimado das obras de urbanización e as demais garantías que se determinen regulamentariamente.

En conclusión, as infraestruturas de saneamento, abastecemento de auga e viarias que se queren aprobar a través deste Plan Sectorial, son todas elas actuacións que **tiñan que ter sido executadas antes da edificación do solo e sempre á costa do propietario ou promotor**, nunca á costa da Administración. En todo caso, cando se realizaren simultaneamente, tería que terse depositado un aval a favor da Administración equivalente ao custo estimado das obras de urbanización.

Porén, con este Plan Sectorial, **non só se pasan por alto todas as irregularidades e ilegalidades arriba sinaladas** (e que de forma máis exhaustiva se enumeran no arriba citado Decreto 15/2007 da Consellería de Política Territorial) que deron lugar aos déficits de infraestruturas que o Plan pretende resolver, **senón que, a través do Convenio suscrito** entre o Concello, a Deputación Provincial e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas,

e en contra de todas as disposicións legais arriba citadas, **se traslada a súa financiación, -con un custe estimado de 14.180.281,38 Euros-, ás Administracións Autonómica, Provincial e Local.**

É evidente que subsanar todas estas irregularidades e graves incumprimentos da Legalidade urbanística non está nin pode estar entre os obxectivos da Lei 10/1995 de Ordenación do Territorio e dos Plans Sectoriais nela previstos. Cando, en relación aos Plans Sectoriais, o artigo 22 desta Lei sinala que :

“1. Os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal teñen por obxecto regular a implantación territorial das infraestruturas, dotacións e instalacións de interese público ou utilidade social cando a súa incidencia transcenda do termo municipal no que se localicen, pola súa magnitude, importancia ou especiais características, ou que se asenten sobre varios termos”.

Sen dúbida, este artigo non se refire a unha situación como a que se orixinou no concello de Barreiros por incumprimento da legalidade.

De que maneira, se non, pode alguén xustificar que este Proxecto Sectorial responde a algún dos criterios que o Decreto 80/2000, polo que se regulan os Plans e proxectos de incidencia supramunicipal, manda ter en conta:

“a) Os efectos positivos que produza para o ambiente, a paisaxe rural e o patrimonio cultural” ou,

“b) a contribución ao desenvolvemento sostible social e económico de Galicia” (Decreto 80/2000. Artigo 4),

cando se trata dun modelo de desenvolvemento urbanístico que, tal e como recolle o preámbulo do Decreto 15/2007, de continuar *“daría lugar á plasmación dun modelo territorial de urbanización descontrolada do litoral, incompatible coa preservación dos valores naturais e cun desenvolvemento sustentable do territorio”* (Decreto 15/2007).

“c) a poboación beneficiaria da infraestrutura, dotación ou instalación”, (Decreto 80/2000. Artigo 4),

cando non hai máis beneficiario que o negocio do promotor, con graves prexuízos para a Administración e para o resto da poboación do Concello que, desta forma, queda privada, entre outras cousas, de zonas verdes, de dotacións ou da cesión de solo para vivenda de promoción pública;

“d) a función vertebradora e estruturante do territorio que leve consigo tal actuación”, (Decreto 80/2000. Artigo 4),

cando tal desenvolvemento urbanístico provoca realmente todo o contrario ao sobrecargar a edificación e a demanda de infraestruturas e servizos nunha zona sensible do litoral que, a maiores, linda con dous valiosos espazos da Rede Natura: ría de Foz e As Catedrais.

“e) o asentamento da infraestrutura, dotación ou instalación sobre varios termos municipais” (Decreto 80/2000. Artigo 4),

cando tales infraestruturas se asentan e afectan só catro parroquias do concello de Barreiros.

En base a todo o arriba exposto, conclúindo que ningunha das actuacións propostas neste PLAN SECTORIAL PARA A MELLORA E AMPLIACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS BÁSICAS DE SANEAMENTO, ABASTECIMENTO E REDE VIARIA NO CONCELLO DE BARREIROS,

SOLICITO

Un.- O rexeitamento absoluto deste Plan Sectorial e que, no seu lugar, en cumprimento da legalidade vixente se continúe coa tramitación dos expedientes de infracción urbanística abertos na lexislatura anterior (e coa apertura de novos expedientes cando haxa lugar) con vistas sempre á reposición da legalidade urbanística e á depuración das responsabilidades ás que houbera lugar;

Dous.- Que, detectadas as irregularidades urbanísticas, se poñan todas as actuacións en coñecemento da Administración de Xustiza por se nas mesmas puidera haber algún motivo de delito penal.

Por todo o exposto,

En Lugo, a 10 de febreiro de 2011,

Asina:

Montserrat Lombardía Fernández

XXXXXXX